

**CELTISMO E IDENTIDADE: UNHA MIRADA DENDE O  
PENSAMENTO GALEGO  
Rocío Carolo Tosar**

A cultura celta é un dos elementos máis significados na construción da identidade galega. Foron moitos os autores que partiron deste fito histórico para vertebrar a personalidade galega ao ver no celtismo ese elemento diferenciador e significativo que viría a vertebrar a definición do ser galego. O que aquí pretendemos é facer ese percorrido na construción da identidade galega dende esa mitificación do celtismo a través dos seus protagonistas, culminado ca tradución ao galego do *Cancioneiro da poesía céltica* de Julius Pokorny, achega dos pensadores de Galaxia a esa construción identitaria e enriquecemento da cultura galega.

A historiografía da literatura galega sinala dous momentos clave: a Idade Media, época dourada desta cultura ao ter unha grande produción de obras na lingua galego-portuguesa; e a época contemporánea que comeza co chamado Rexurdimento, contando coa obra de Rosalía de Castro. Neste primeiro momento, a Galaecia conformaba unha unidade cultural e idiomática, que daría lugar, a unha unidade literaria evidenciada nos distintos cancioneros medievais. No entanto esta unidade verase escindida no século XII, cando a Galecia bracarense se constitúe como un Estado independente – o reino de Portugal – e a parte lucense – Galicia – mantense unida ao reino de León e Castela. A separación destes dous pobos, significou o arredamento de Galicia dun pobo que tiñan unhas características máis próximas a ela que a propia Castela, a que quedaba vinculada legalmente. A comezos do século XVI, o plano cultural colectivo veuse maltratado polo plano institucional. Basta recordar que por aqueles anos toda España estaba sometida a un centralismo institucional, por lo que a lingua oficial sería o castelán, quedando o galego desprestixiado como lingua de cultura, sendo relegada a ser lingua de campesiños e mariñeiros. Tanto é así que o galego só se mantén como lingua oral popular, desaparecendo da escrita e nas escolas, froito dese proceso de castelanización cultural, facendo que se quede estancado na súa etapa medieval. Era o comezo dunha “longa noite de pedra”, tal e como á denominaría o poeta Celso Emilio Ferreiro. Durante os séculos XVI e XIX, o galego vai enmudecer culturalmente, pero grazas ao uso dos ‘lingüistas’ do rural e do mar non chega a desaparecer, sendo eles os mellores gardiáns do idioma e polo tanto os encargados de manter viva

a alma galega, que despois continuaran tanto o padre Sarmiento no XVIII como os grandes poetas do século XIX, como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal ou Curros Enríquez, autores que protagonizan ese rexurdimento da cultura galega. Otero Pedrayo o describe moi ben: “Cando a cultura se tivo por patrimonio dos cidadáns, quebróuse a unanimidade galega, e *a cultura somentes foi gardada polo labregos e polos mariñáns*. Polas xentes que non sabían ler nin escribir, mais que estaban postas no centro do devir espiritual da raza e da súa *psique*. Cando os homes da chamada cultura souberon casarse co iste ser galego, tiña que resultar o tipo superior, *o verdadeiramente home de cultura*”<sup>1</sup>. O pulo de recuperación iniciado polos poetas do rexurdimento será consolidado polas Irmandades da Fala e a Xeración Nós, sendo estes últimos os encargados de levar a cumprimento o seu ideal de converter a fala en lingua<sup>2</sup>. É precisamente a defensa da lingua galega, un dos elementos claves do camiño reivindicativo mediante o cal os intelectuais galegos buscaban unha reapropiación da memoria histórica para a construción desa identidade galega.

É obrigada a mención do padre Sarmiento, a pesar de que o meu propósito neste traballo é ocuparme dos autores do século XX. Son os ilustrados do s. XVIII os que inician ese momento de defensa da lingua, e moi especialmente o padre Sarmiento desmarcándose da tónica universalista de ese período. Sarmiento ve na lingua un signo identitario do pobo galego e xa na súa obra atopamos referencias ao celtismo, en concreto á chegada e asentamento dos celtas en Galicia e do seu aporte etnico-cultural e lingüístico. Máis esta só será a pedra angular para a posterior construción do mito celta, porque o celtismo non é de momento ese elemento diferenciador da identidade galega. Seguindo ao historiador Fernando Pereira “neste aspecto reside a principal diferenza –fundamental– que se ergue entre el e os celtistas do século XIX, que fixeron dos celtas a cerna da identidade galega. Pois Sarmiento non considerou aos celtas como os únicos devanceiros do pobo galego, nin sequera como os mais importantes. En troques, nunca dubidou que foi a civilización romana, de entre todas as da Antigüidade, a que deixou unha impresión máis fonda e duradeira na configuración de Galiza como país diferenciado, comezando, claro está, polo idioma”<sup>3</sup>.

---

<sup>1</sup> Otero Pedrayo, R., “Morte e Resurrección”, en: Baliñas, C., *Pensamento galego I*, Vigo: Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos (SEPT), 1977, pp. 105-106.

<sup>2</sup> Cfr. Baliñas, C., *Pensamento galego I*, Vigo: Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos (SEPT), 1977, p. 12.

<sup>3</sup> Pereira González, F., “O celtismo na historiografía galega do século XVIII”, *Gallaecia*, 23 (2004), 221-250, p. 241.

Polo tanto, será a partir da segunda metade do século XIX cando comeza haber unha toma de conciencia de Galicia e da súa identidade propia, é o momento “en que toda Europa se sente invadida por un sentimento romántico, por un desexo ardente (*sehnsunt*) de recuperar as súas orixes e o seu modo de ser diferenciado”<sup>4</sup>, posto que se consideraba que a lexitimidade e dignidade dun pobo estaba directamente relacionada coas súas orixes. Neste punto onde nos situamos no centro mesmo da problemática, ocuparémonos do que o investigador Xosé Ramón Barreiro chama “o relato historiográfico sobre as orixes como medio de ‘revindicación’” que se produce durante os séculos XIX e XX. Estamos nun momento dunha gran efervescencia nos relatos que buscan clarificar as orixes do pobo para así contribuír á construción da identidade que lle é propia, remarcando a nota diferenciadora e distintiva que define a súa esencia. Deste xeito sostén Barreiro, “o celtismo mantense como unha especie de compromiso tácito, entendido como un resorte histórico-xenético que vertebra a interpretación de Galicia, e que atopa na pluma de V. Risco, a mente máis sutil e refinada, unha poética consolidación que parecía que podería resistir todos os ventos futuros da ciencia” (*Ibid*, p. 102). Foi un traballo interdisciplinar entre profesionais cun obxectivo común, a procura de fundamentos sólidos para a construción da identidade galega: “mentres que os prehistoriadores, día a día, castro a castro, reconstruían dende metas prefixadas o noso pasado céltico, Risco comentábao coa súa lóxica indestrutible, Castelao traducíao en arte popular e Otero Pedrayo o convertía en metáfora fabuladora”<sup>5</sup>.

O celtismo, ou mellor, a súa mitificación vai cumprir funcións distintas dependendo do autor que o trate, pero parece que todas elas van a ter un marcado carácter reivindicativo apoiado nunha apoloxía do mesmo. A procura desa identidade propicia a visión dos celtas e do celtismo como comezo da Historia de Galicia provocando que esa visión etnico-racial faga perder de vista, en certo modo, a obxectividade dos restos arqueolóxicos. Ben é certo que á paisaxe galega e a conservación dos restos do megalitismo e da cultura castrexa van servir de faro para os primeiros investigadores. O importante nese momento era a elaboración desa Historia de Galicia cun

<sup>4</sup> Barreiro, X. L., “Hacia la configuración de una conciencia propia: de los problemas de Galicia a Galicia como problema”, en: Agís, M., Balañas, C., Ríos, V. (coord.), *Galicia y Japón: del sol naciente al sol poniente*, Universidade de A Coruña, Servizo de Publicacións, 2008, p. 95.

<sup>5</sup> Barreiro, X. R., “A Historia da Historia. Aproximación a unha historiografía galega. De Murguía a Risco”, en: Beramendi, J. G. (Coord.), *Galicia e a Historiografía*, Santiago de Compostela, 1993, p. 192.

obxectivo moi marcado: a creación desa identidade nacional. Isto levou, en moitas ocasión, a ver máis alá dos datos, ou o que é o mesmo a encher os baleiros presentes pola falta de documentación histórica. Neste sentido, Benito Vicetto, na súa *Historia de Galicia*, recoñece que “o principal para escribir a historia dun pobo non son os datos: o principal é a imaxinación. Das cen condicións que debe posuír un historiador, noventa e nove debe ser a imaxinación, a outra o demais”<sup>6</sup>. Esta imaxinación de Vicetto coido que debemos interpretala como esa intuición natural, que como el mesmo afirma, non se adquire na universidade nin no ateneo, senón que é froito da experiencia. Unha intuición que nos leve a suplir a carencia de datos para a construción dun relato unitario que sexa unha nova achega na construción desa identidade da que vimos falando. É dicir, reivindica para o historiador o emprego dun método histórico intuitivo que Hölderlin asignaba aos poetas. Neste sentido, atopamos en Vicetto non unha pretensión cientifista, senón de proporcionar “un pasado mítico que serva de base para as reivindicacións políticas (...), e para a construción dese *espírito nacional* que reunise aos galegos nun proxecto común”<sup>7</sup>, e polo tanto, o precursor das ideas nacionalistas de Manuel Murguía, e da visión histórica dos nacionalistas do Grupo Nós, tal e como o propio Vicente Risco vai recoñecer.

Será Manuel Murguía e a súa obra *Historia de Galicia* quen vai marcar un antes e un despois na visión celta dentro da historia de Galicia e na súa identidade posto que a súa teoría sobre os celtas vai ser a base histórica do galeguismo. Murguía, a diferenza de Vicetto que foi visto máis como un literato, é concibido como un historiador rigoroso e metódico que buscaba reconstruír o pasado sentando as bases da “definición canónica da nación galega”, é dicir, o celtismo vai ser o elemento básico e esencial no seu pensamento para a súa definición de Galicia como nación: “Raza, lingua, carácter e conciencia da singularidade son os elementos constitutivos da nacionalidade galega”<sup>8</sup>. Os celtas, ao ser considerado un pobo superior, vai a contribuír non so a construción da identidade do pobo senón a súa revalorización e restauración da dignidade perdida en tanto en canto se

---

<sup>6</sup> Vicetto, B., *Historia de Galicia*, vol. VII, Ferrol: Nicasio Taxonera, 1873, p. 239.

<sup>7</sup> Lama López, M. X. “El celtismo y la construcción de la identidad gallega”, en: Gómez-Montero, J. (Coord.), *Minorisierte Literaturen und Identitätskonzepte in Spanien und Portugal: Sprache, Narrative Entwürfe*, Darmstadt: Wissenschaftliche Buchgesellschaft, 2001, p. 172.

<sup>8</sup> Barreiro, X. L., “Hacia la configuración de una conciencia propia”, *op. cit.*, p. 105.

afirme esa orixe celta. Deste xeito, tal e como apunta María Xesús Lama López, “por primeira vez a orixe celta de Galicia utilízase como proba da existencia da nación galega, que se concibe como unha unidade inmutable a través dos tempos, e como elemento lexitimador da súas reivindicacións autonomistas”<sup>9</sup>, ademais de axudar para a proxección de Galicia a nivel europeo. Pretensión europeísta que continuará a través das distintas xeracións, basta recordar o que dicía Ramón Piñeiro: “eramos galegos pola nación, españois pola historia e europeos pola cultura”<sup>10</sup>, e polo tanto unha das súas grandes preocupacións xunto co resto de representantes da xeración galaxia á que pertencía era a de lle dar significado europeo á cultura galega<sup>11</sup>. Volvendo ao tema que nos ocupa e intentado recapitular ás achegas de Murguía sobre o celtismo na construción da identidade galega podemos sintetizalas, seguindo a Xosé Luís Barreiro, en tres puntos: a raza celta é o noso único e verdadeiro antepasado; a clara distinción entre a poboación galega e a doutros pobos ; e, fronte á imaxe negativa de Galicia en autores literarios, historiadores e textos greco-latinos, sitúa aos celtas galegos en relación estreita coa raza aria<sup>12</sup>, o que proporciona unha dimensión europea culta (e non salvaxe) á comunidade nacional de Galicia. Neste senso “A identificación das orixes de Galicia co asentamento sobre o seu territorio das tribus celtas — sinala Ramón Villares—, tese sostida invariablemente pola historiografía galega do século XIX, acabou por se converter nun paradigma interpretativo do carácter diferencial de Galicia, tanto no plano estrictamente étnico, coma no cultural e literario

---

<sup>9</sup> Lama López, M. X., “El celtismo y la construcción de la identidad gallega”, *op. cit.*, p. 173.

<sup>10</sup> Piñeiro, R., *Da miña acordanza*, Vigo: Galaxia, 2002, p. 113.

<sup>11</sup> Cfr. Fernández del Riego, F., *Camiño andado*, Vigo: Galaxia, 2003, p. 219.

<sup>12</sup> Neste senso, é moi significativa as seguintes palabras de Teixeira de Pascoas: “Pelo desejo, a Saudade descende do sangue ario, e pela Dor, do sangue semita. Desta forma, vos dois grandes ramos étnicos que deram orixe a todos vos polos europeos, encontraram na Saudade a sua suprema síntese espiritual” (*A saudade e o saudosismo*, p. 122). Así mesmo, Castela vai recoller esta mesma cita en *Sempre en Galicia*, e engadirá que, segundo Pascoas, “o sangue ario, que creou o culto a forma, mesturouse co sangue semita, que creou o culto do Espírito, e a mestura dos dous ramos étnicos produxo unha síntese moral inexplicable, que vén a ser a fisionomía propia da raza portuguesa, revelada nunha palabra intraducible, cuio significado soio coñecen os portugueses e galegos [a saudade]” (*Sempre en Galicia*, p.321). Débese ter presente que aínda que só se faga referencia explícita a Portugal, tamén se fai a Galicia pois “Galiza é um bocado de Portugal sob as patas do leão de Castela” (*A saudade e o saudosismo*, p. 52).

e, en certa maneira, tamén no político”<sup>13</sup>. Marcábase desta forma o feito diferencial de Galicia co resto de España, ou o que é o mesmo, dotábase ao pobo galego dunha identidade propia.

Neste punto, onde xa está a teoría asentada, vemos que vai haber unha continuidade con respecto a esta etapa historicista reivindicativa do celtismo do pobo galego onde van destacar as Irmandades da Fala, a Xeración Nós coas achegas de Vicente Risco ou Otero Pedrayo, e nós culminaremos este periplo coa tradución do *Cancioneiro da poesía céltica* de Julius Pokorny anteriormente citado.

### **Vicente Risco, un dos impulsores di celtismo**

Vicente Risco foi un dos principais impulsores do Celtismo en Galicia durante o século XX. Como escritor, intelectual e activista cultural, Risco despregou un profundo interese polas raíces históricas e culturais de Galicia, e en particular pola herdanza celta da rexión, posto que segundo el había toda unha veneración aos montes, fontes, ríos e árbores; algo que vai concordar coa súa concepción da saudade como adoración á terra: “Sagrada Terra galega, amasada coas cinzas dos nosos avós, co suor e co sangue dos nosos irmaus, relicario das nosas lembranzas, Terra onde sementamos nosas espranzas todas, santa Nai que nos das o que somos ao estarnos feitos da sustancia túa”<sup>14</sup>.

Risco vai explorar o Celtismo desde diversas perspectivas nas súas obras literarias e ensaios. Na súa visión, a cultura celta representaba unha parte esencial da identidade galega, e o seu estudo e reivindicación eran fundamentais para comprender a idiosincrasia do pobo galego. Tal e como podemos extrapolar da súa obra, Risco era un Romántico declarado, por iso vai concibir a historia como unha ciencia que non estuda a grandes personalidades senón “agrupacións naturais do home: os pobos e as nacións”<sup>15</sup>. Neste sentido, cada pobo vai ter unha cultura de seu e vai ser a expresión “dunha mentalidade e unha sentimentalidade comúns ao grupo, no exterior, pero si superior a eles e que é a alma colectiva” (*Ibid.*, 238). Así mesmo, outro elemento fundamental dentro da súa concepción sobre o

---

<sup>13</sup> Villares, R., “A invención do celtismo”, en: Balboa López, X., Pernas Oroza, H., *Entre nós. Estudos de arte, xeografía e historia en homenaxe ó profesor Xosé Manuel Pose Antelo*, Universidade de Compostela, Servicio de publicacións e Intercambio Científico, 2001, p. 557.

<sup>14</sup> Risco, V., “O sentimento da terra na raza galega”, en: *Leria*, Vigo: Galaxia, 2020, p. 53.

<sup>15</sup> Risco, V., *Elementos para la metodología de la Historia*, A Coruña: Nós, 1928, p. 237.

celtismo é o concepto de raza, xa presente en Murguía. Elemento que define no seu escrito “Galicia céltica” publicado na Revista Nós: “Eis á sinificación do Celtismo na Estoria d’Europa. Ora, na nacionalidade galega sinifica a superioridade da nosa Raza sobre das razas morenas euroafricanas de Iberia, e pol-o tanto, a inxusticia de que sexamos domeñados por iles”<sup>16</sup>. Un dos aspectos máis destacados do Celtismo na obra de Risco foi o seu enfoque na mitoloxía celta. Risco explorou mitos e lendas celtas, destacando a súa influencia na configuración da paisaxe cultural galego e a súa relación coa natureza e o mundo espiritual. Ademais do seu labor como escritor, Risco tamén foi un activista cultural comprometido coa revitalización da lingua galega e a promoción da cultura de Galicia. Neste contexto, o Celtismo representaba un elemento crave para reafirmar a identidade cultural galega fronte a influencias externas e promover un sentido de orgullo e pertenza entre os galegos.

### **Otero Pedrayo, o celtismo na esencia do ser galego**

Ramón Otero Pedrayo, do mesmo xeito que Vicente Risco, foi unha figura destacada no movemento Celtista en Galicia durante o século XX. Como escritor, historiador e pensador, Otero Pedrayo contribuíu significativamente á promoción e estudo da herdanza celta na rexión. Vai asumir a concepción celtista de Murguía, afirmando que a orixe celta e responsable das notas diferenciais do ser galego: ironía, imaxinación, liberdade e apego pola terra; tal e como pon de manifesto na súa *Guía de Galicia*: “O eixo racial e psicolóxico de Galicia é celta, ao igual de Irlanda, Escocia, Cornualles e Bretaña. Maniféstase o mesmo no tipo somático, no folclore, no sentimento relixioso dos aspectos naturais, nos inmortais temas artísticos”<sup>17</sup>. Ben é certo que Otero Pedrayo non foi historiador senón xeógrafo, o que non implica que non aborde a cuestión desde múltiples perspectivas na súa extensa obra. O seu *Ensaio histórico sobre a Cultura Galega* supón unha síntese da evolución histórico-cultural de Galicia e polo tanto referencia fundamental para comprender a historia e a identidade de Galicia. Sirva para ilustrar isto a súa resposta á pregunta pola existencia dunha cultura galega: “As culturas nacen e morren na Historia, coexisten e sucédense, interfírense mutuamente na superficie pero no fondo cada unha garda un sino de seu, propio, inalienable, como sostén o grupo inspirado pola doutrina de Spengler (...) cada rexión do planeta

<sup>16</sup> Risco, V., “Galicia Céltica”, en: *Nós*, nº 3, 1923, p. 6.

<sup>17</sup> Otero Pedrayo, R., *Guía de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1954, p. 95.

plenamente caracterizada está dotada dun sistema inicial de interpretación do mundo da historia e do mundo das ciencias da natureza”<sup>18</sup>.

Así mesmo, ao igual que Risco, Otero Pedrayo vai a cultivar ás relacións cos seu irmáns portugueses, tal e como afirma Raquel Bello:

A relación de Otero con Portugal foi estreita, especialmente co propio Teixeira, que era un habitual nos textos galeguistas en forma de citación ou alusión e, ademais, para Otero Portugal era, sen dúbida nengunha, un dos países irmaos de Galiza tamén polo celtismo. Esta relación de Otero con Teixeira e a corrente Saudosista non é un feito isolado, pois ten moito que ver co papel que Portugal desempeñava como referente da reintegración para o galeguismo. (...) Así como o celtismo procurava na Galiza a lexitimación dun pasado histórico, Portugal promocionava-lle o referente dun sistema literario e cultural sólido: o portugués convertíase en modelo lingüístico, os *Séculos Obscuros* enchían-se de nomes como Camões, e os autores do movemento como T. Braga ou o propio Teixeira pasaban a ser figuras centrais do galeguismo e da literatura galega”<sup>19</sup>.

Otero Pedrayo foi un defensor activo da revitalización da cultura galega no seu conxunto, incluíndo a lingua, a literatura e as tradicións populares. Neste sentido, o Celtismo representaba para el un elemento central na construción dunha identidade galega forte e auténtica.

Ambos os escritores compartían unha visión romántica e nacionalista de Galicia, na que o Celtismo desempeñaba un papel crucial como elemento aglutinador da identidade cultural galega. O seu traballo contribuíu significativamente á revalorización e reafirmación da herdanza celta na rexión, influíndo en xeracións posteriores de escritores, artistas e pensadores galegos.

### **O Cancioneiro de Pokorny**

Chegamos a última parte desta presentación: a xeración galaxia. O celtismo foi o mito fundacional no galeguismo. Nos anos 50, os membros da que será a xeración galaxia decátanse de que xa era hora de dar un xiro a política galeguista posto que a loita dende a clandestinidade que se viña facendo non estaba producindo efecto. Foron conscientes de que debían buscar outra forma de chegar ao pobo e de facelos conscientes da

<sup>18</sup> Otero Pedrayo, R., *Ensaio histórico da cultura galega*, Vigo: Galaxia, 1982, p. 12.

<sup>19</sup> Bello, R., “Celtismo e saudade como repertórios míticos en Otero Pedrayo”, pp. 91-103; en: Rodríguez, J.L. (ed.), *Estudios dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, vol. II, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia/USC, 2000.



súa peculiaridade propia, posto que “Galicia como cultura, como historia ou como realidade propia e singular non existía. Había, polo tanto, un baleiro nas novas xeracións, que estaban sendo formadas como súbditas do Estado español, pero non como galegas”<sup>20</sup>. Era necesario, polo tanto, a creación dunha conciencia galeguista, espertar unha responsabilidade social co seu pobo, que se sentisen parte de esa historia, cultura e lingua para que loitasen pola súa supervivencia e polo seu recoñecemento público, “aprenderlles a ver Galicia con ollos de galegos” (*Ibidem*). Esta encomenda de galeguizar Galicia debía ser pública e legal e non tralas sombras da clandestinidade, e así xurde a idea de crear unha empresa editorial: Galaxia. Era hora de “dar a batalla polo prestixio da lingua amudecida e desprezada” — tal e como afirmou Francisco Fernández del Riego — “cumpría establecer a continuidade xeracional atricada, artellando ideas sobre uns e outros, para que a identidade do pobo non se perdese”<sup>21</sup>, por iso Galaxia se vai propoñer, como primeira medida a edición de libros que tiveran un valor significativo para a historia e cultura de Galicia. O primeiro libro que sae do prelo da editorial Galaxia foi *Antifona da cantiga* de Ramón Cabanillas. Pero xa en 1951, se publica dende a editora a tradución dunha obra moi significativa para o tema que nos ocupa, o *Cancioneiro da poesía céltica* de Julio Pokorny da man de Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro que, na xustificación da escolla, sinalan que buscaban “ademais do prestixio da lingua, vitalizar a nosa cultura, compría escoller unha obra que polo seu contido intrínseco puidese representar unha aportación substancial á cultura galega”<sup>22</sup>. Vían na poesía céltica unha representación dos ideais que iban a sustentar para a construción dunha identidade propia que lle permitiría á construción e defensa dun pensamento propio, pensamento que tera como eido central o sentimento. E fíxense como os propios tradutores se refiren á poesía céltica: “en ningunha outra antiga literatura que non sexa a céltica atopamos ese sinxelo entusiasmo pola natureza, inconturbado e limpo de influxos da paixon humana, ceibe de convencións e de pensamentos requintados ou de finxidas atmosferas. Para o poeta celta a Naturaleza non é unha simple decoración, non é un adegaño ornamental, senón que está estreitamente avencellada coa propia vida sentimental” (*Ibid.*, p. 17). Os pensadores de

<sup>20</sup> Piñeiro, R., *Da miña acordanza*, op. Cit., p. 102.

<sup>21</sup> Fernández del Riego, F., *A xeración Galaxia*, Vigo: Galaxia, 1996, p. 46.

<sup>22</sup> Piñeiro, R., e Fernández de la Vega, C., “Aclaracións dos tradutores”, en: Pokorny, J., *Cancioneiro da poesía céltica*, Vigo: Galaxia, 1991, p. 5.

Galaxia xa non recorren ao celtismo en termos nacionalistas, senón para a construción da identidade galega enfatizando nas súas raíces sentimentais e de vínculo coa Natureza, a paisaxe, a terra, só así entenderemos porque Piñeiro afirma que “a terra e a lingua son as dúas raíces máis profundas da comunidade social galega, as que lle dan conciencia da súa identidade e da súa unidade”<sup>23</sup>, é dicir, Natureza e saudade (sentimento).

Xa para rematar, os autores aquí mencionados e tantos outros que por razóns de tempo non se puideron tratar pero trataron de forma exhaustiva o celtismo, posto que viron nel a mellor forma de resarcir a dignidade, non perdida, senón arrebatada por parte de Castela negándolle esa identidade que lle era propia: a súa lingua. Grazas ao celtismo puideron construír a súa historia e así reconstruír a súa propia identidade.

### **Bibliografía**

- Baliñas, C., *Pensamento galego I*, Vigo: Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos (SEPT), 1977.
- Barreiro, X. L., “Hacia la configuración de una conciencia propia: de los problemas de Galicia a Galicia como problema”, en: Agís, M., Baliñas, C., Ríos, V. (coord.), *Galicia y Japón: del sol naciente al sol poniente*, Universidade de A Coruña, Servizo de Publicacións, 2008.
- Barreiro, X. R., “A Historia da Historia. Aproximación a unha historiografía galega. De Murguía a Risco”, en: Beramendi, J. G. (Coord.), *Galicia e a Historiografía*, Santiago de Compostela, 1993.
- Bello, R., “Celtismo e saudade como repertórios míticos en Otero Pedrayo”, pp. 91-103; en: Rodríguez, J.L. (ed.), *Estudios dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, vol. II, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia/USC, 2000.
- Castelao, *Sempre en Galicia*, Vigo: Galaxia, 1986.
- Fernández del Riego, F., *A xeración Galaxia*, Vigo: Galaxia, 1996.
- Fernández del Riego, F., *Camiño andado*, Vigo: Galaxia, 2003.
- Lama López, M. X. “El celtismo y la construcción de la identidad gallega”, en: Gómez-Montero, J. (Coord.), *Minorisierte Literaturen und Identitätskonzepte in Spanien und Portugal: Sprache, Narrative Entwürfe*, Darmstadt: Wissenschaftliche Buchgesellschaft, 2001.
- Otero Pedrayo, R., “Morte e Resurrección”, en: Baliñas, C., *Pensamento galego I*, Vigo: Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos (SEPT), 1977.
- Otero Pedrayo, R., *Guía de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1954.
- Otero Pedrayo, R., *Ensaio histórico da cultura galega*, Vigo: Galaxia, 1982.
- Pascoaes, T., *A saudade e o saudosismo*, Lisboa: Assirio & Alvim, 1988.

---

<sup>23</sup> Piñeiro, R., “Galicia”, en: *Gran Enciclopedia Galega*, El Progreso/El diario de Pontevedra, 2003.

- Pereira González, F., “O celtismo na historiografía galega do século XVIII”, *Gallaecia*, 23 (2004), 221-250.
- Piñeiro, R., “Galicia”, en: *Gran Enciclopedia Galega*, El Progreso/El diario de Pontevedra, 2003.
- Piñeiro, R., *Da miña acordanza*, Vigo: Galaxia, 2002.
- Risco, V., “Galicia Céltica”, en: *Nós*, nº 3, 1923.
- Risco, V., *Elementos para la metodología de la Historia*, A Coruña: Nós, 1928.
- Risco, V., *Leria*, Vigo: Galaxia, 2020.
- Vicetto, B., *Historia de Galicia*, vol. VII, Ferrol: Nicasio Taxonera, 1873.
- Villares, R., “A invención do celtismo”, en: Balboa López, X., Pernas Oroza, H., *Entre nós. Estudos de arte, xeografía e historia en homenaxe ó profesor Xosé Manuel Pose Antelo*, Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de publicacións e Intercambio Científico, 2001.